

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 296/1999, do 21 de outubro, polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, dispón no seu artigo 4 que lles corresponde ás administracións educativas competentes establece-los currículos dos ciclos formativos.

En cumprimento do devandito artigo, de acordo coas atribucións recollidas no Estatuto de autonomía, no Real decreto 1763/1982, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, e no Real decreto 676/1993, do 7 de maio, que establece as directrices xerais sobre os títulos de formación profesional e as súas ensinanzas mínimas, díctase o Decreto 239/1985, do 22 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos na Comunidade Autónoma de Galicia, determinando os aspectos que deben cumprir-los currículos dos diferentes ciclos formativos.

No desenvolvemento deste decreto, díctanse as seguintes disposicións: Decreto 223/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas; Decreto 224/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en administración de sistemas informáticos; Decreto 228/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en xestión administrativa; Decreto 230/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en operacións, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque; Decreto 231/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción; Decreto 232/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en electromecánica de vehículos; Decreto 233/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en produción acuícola; Decreto 234/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio corres-

pondente ó título de técnico en pesca e transporte marítimo; Decreto 240/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en equipos e instalacións electrotécnicas; e Decreto 256/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en operacións de cultivo acuícola.

O Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo, establece modificacións que afectan os títulos de formación profesional específica. De acordo con esta disposición, fóronse publicando novos decretos de currículos de ciclos formativos para a Comunidade Autónoma de Galicia, incorporando as modificacións alí establecidas. Procede, pois, adapta-los decretos de currículo publicados con anterioridade a esa norma básica.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, co informe do Consello Galego de Ensinanzas Técnico-profesionais e do Consello Escolar de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteun de outubro de mil novecentos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo primeiro.

Modifícase o Decreto 256/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en operacións de cultivo acuícola, nos termos que se especifican a continuación:

1. Os puntos 1 e 2 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto».

2. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. No número 3.3 do anexo, o «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no equipo de traballo» substitúese polo «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no contorno de traballo» que figura no anexo XI deste decreto.

4. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

5. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo I deste decreto.

Artigo segundo.

Modifícase o Decreto 230/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque, nos termos que se especifican a continuación:

1. No artigo quinto substitúese o punto 2 polo seguinte:

«2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades definidas no presente ciclo son as que se expresan no número 4.1.2 do anexo deste decreto».

E engádesse un punto 3:

«3. As titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia son as que se expresan no número 4.1.3 do anexo deste decreto».

2. Os puntos 1 e 2 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto».

3. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

4. No número 3.3 do anexo, o «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no equipo de traballo» substitúese polo «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no contorno de traballo» que figura no anexo XI deste decreto.

5. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

6. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo II deste decreto.

Artigo terceiro.

Modifícase o Decreto 234/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en pesca e transporte marítimo, nos termos que se especifican a continuación:

1. No artigo quinto, substitúese o punto 2 polo seguinte:

«2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades definidas no presente ciclo son as que se expresan no número 4.1.2 do anexo deste decreto».

E engádesse un punto 3:

«3. As titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia son as que se expresan no número 4.1.3 do anexo deste decreto».

2. Os puntos 1 e 2 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto».

3. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

4. No punto 3.3 do anexo, o «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no equipo de traballo» substitúese polo «Módulo profesional 8 (transversal): relacións no contorno de traballo» que figura no anexo XI deste decreto.

5. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

6. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo III deste decreto.

Artigo cuarto.

Modifícase o Decreto 233/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico

superior en produción acuícola, nos termos que se especifican a continuación:

1. O artigo quinto queda redactado da seguinte forma:

«Os criterios de prioridade na admisión de alumnado para acceder a este ciclo formativo en centros sostidos con fondos públicos son os que se expresan no punto 4.1 do anexo deste decreto».

2. Ó artigo noveno engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XIII deste decreto.

4. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo IV deste decreto.

Artigo quinto.

Modifícase o Decreto 228/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en xestión administrativa, nos termos que se especifican a continuación:

1. Os puntos 1 e 2 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto».

2. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

4. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo V deste decreto.

Artigo sexto.

Modifícase o Decreto 231/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción, nos termos que se especifican a continuación:

1. O artigo quinto queda redactado da seguinte forma:

«Os criterios de prioridade na admisión de alumnado para acceder a este ciclo formativo en centros sostidos con fondos públicos son os que se expresan no punto 4.1 do anexo deste decreto».

2. Ó artigo noveno engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. O número 3.5 do anexo «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XIII deste decreto.

4. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo VI deste decreto.

Artigo sétimo.

Modifícase o Decreto 240/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en equipos e instalacións electrotécnicas, nos termos que se especifican a continuación:

1. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto.

3. As validacións coas materias de bacharelato, se fora o caso, establécense no número 4.3.3 do anexo deste decreto».

2. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para

reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. O número 3.5 «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

4. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo VII deste decreto.

Artigo oitavo.

Modifícase o Decreto 224/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en administración de sistemas informáticos, nos termos que se especifican a continuación:

1. O artigo quinto queda redactado da seguinte forma:

«Os criterios de prioridade na admisión de alumnado para acceder a este ciclo formativo en centros sostidos con fondos públicos son os que se expresan no punto 4.1 do anexo deste decreto».

2. No artigo sexto, substitúese o punto 2 polo seguinte:

«2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas no presente título son as que se expresan no punto 4.2.2 do anexo deste decreto».

E engádesse un punto 3:

«3. As titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia, son as que se expresan no punto 4.2.3. do anexo deste decreto».

3. Ó artigo noveno engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

4. O número 3.5 «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XIII deste decreto.

5. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo VIII deste decreto.

Artigo noveno.

Modifícase o Decreto 223/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións infor-

máticas, nos termos que se especifican a continuación:

1. O artigo quinto queda redactado da seguinte forma:

«Os criterios de prioridade na admisión de alumnado para acceder a este ciclo formativo en centros sostidos con fondos públicos son os que se expresan no punto 4.1 do anexo deste decreto».

2. No artigo sexto substitúese o punto 2 polo seguinte:

«2. As materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas no presente título, son as que se expresan no punto 4.2.2 do anexo deste decreto».

E engádesse un punto 3:

«3. As titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia, son as que se expresan no punto 4.2.3. do anexo deste decreto».

3. Ó artigo noveno engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

4. O número 3.5 «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XIII deste decreto.

5. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo IX deste decreto.

Artigo décimo.

Modifícase o Decreto 232/1997, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en electromecánica de vehículos, nos termos que se especifican a continuación:

1. Os puntos 1 e 2 do artigo sétimo quedan redactados da seguinte forma:

«1. As persoas que estean en posesión do título de técnico, por teren superada a formación profesional específica de grao medio, teñen acceso directo ás distintas modalidades de bacharelato.

2. Os módulos susceptibles de validación por estudos de formación profesional ocupacional ou correspondencia coa práctica laboral son os que se especifican, respectivamente, nos números 4.3.1 e 4.3.2. do anexo deste decreto».

2. Ó artigo oitavo engádeselle o parágrafo seguinte:

«As horas de libre disposición que se inclúen neste punto serán utilizadas polos centros educativos para reforzar, nos módulos asociados a unidades de competencia, as capacidades de formación profesional

de base ou de formación profesional específica, para lles dar resposta ás características dos alumnos, e ter en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do seu contorno socioproductivo».

3. O número 3.5 «Módulo profesional de formación e orientación laboral» queda redactado como figura no anexo XII deste decreto.

4. O número 4 do anexo do devandito decreto queda redactado como figura no anexo X deste decreto.

Artigo décimo primeiro.-Requisitos mínimos de espazos formativos.

1. Os requisitos mínimos de espazos formativos para a impartición dos ciclos formativos de formación profesional específica son os que se indican no anexo XIV do presente decreto.

O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo, prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

2. Os espazos formativos definidos para cada ciclo formativo poderán ser utilizados, de forma non simultánea, para outros ciclos formativos ou para outras ensinanzas, sempre que as actividades formativas sexan afíns e se dispoña dos equipamentos requiridos.

3. A autorización concedida a un centro para impartir un determinado ciclo, trala súa solicitude, poderá ser extensiva a outros ciclos formativos da mesma familia profesional e do mesmo grao do que xa ten autorizado, trala comprobación pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de que os espazos formativos sexan similares e cumpran os requisitos requiridos para o novo ciclo.

4. As instalacións necesarias para impartirlos ciclos formativos de formación profesional específica, sinaladas como singulares no anexo XIV, poderán situarse nun recinto distinto do resto das instalacións do centro educativo, garantindo a unidade funcional do centro e acreditando documentalmente que ten concedida autorización para o seu uso exclusivo ou preferente das referidas instalacións durante o tempo no que teñan lugar as actividades formativas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dictar as disposicións que sexan precisas para a aplicación do disposto neste decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteún de outubro de mil novecientos noventa e nove.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Técnico en operacións de cultivo acuícola

4. Ordenación académica e impartición.

4.1. Profesorado.

4.1.1. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de técnico en operacións de cultivo acuícola.

Nº	Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
1	Instalacións e equipos de cultivo	Instalacións e equipos de cría e cultivo	Profesor técnico de FP
2	Técnicas do cultivo de moluscos	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
3	Técnicas do cultivo de crustáceos	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
4	Técnicas do cultivo de peixes	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
5	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
6	Técnicas de cultivos auxiliares	Instalacións e equipos de cría e cultivo	Profesor técnico de FP
7	Parámetros e condicións de cultivo	Instalacións e equipos de cría e cultivo	Profesor técnico de FP
8	Relacións no contorno de traballo	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
9	Formación e orientación laboral	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario

(1) Os profesores de ensino secundario da especialidade de bioloxía e xeoloxía, en posesión do título de licenciado en bioloxía ou en ciencias do mar, teñen competencia docente para impartir este módulo profesional sen prexuízo da prioridade e obriga que para impartir este módulo teñen os profesores das especialidades citadas na táboa.

4.1.2. Materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas neste decreto.

Materias	Especialidade do profesorado	Corpo
Bioloxía e xeoloxía	Procesos de cultivo acuícola	Profesor de ensino secundario
Bioloxía	Procesos de cultivo acuícola	Profesor de ensino secundario
Economía	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario
Economía e organización de empresas	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario

(1) Título de licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en ciencias empresariais, licenciado en ciencias actuais e financeiras, licenciado en economía, licenciado en investigación e técnicas de mercado, diplomado en ciencias empresariais e diplomado en xestión e administración pública.

4.1.3. Titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.

As titulacións declaradas equivalentes, para efectos de docencia, para o ingreso nas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario deste título son as que figuran na táboa. Tamén son equivalentes para efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro.

Especialidade do profesorado	Titulación declarada equivalente para efectos de docencia
Formación e orientación laboral	-Diplomado en ciencias empresariais -Diplomado en relacións laborais -Diplomado en traballo social -Diplomado en educación social -Diplomado en xestión e administración pública

4.2. Requisitos mínimos de espacios e instalacións para impartir estas ensinanzas.

De conformidade co establecido no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, o ciclo formativo de formación profesional de grao medio de operacións de cultivo acuícola require, para a impartición das ensinanzas relacionadas neste decreto, os seguintes espazos mínimos:

Espacio formativo	Superficie (30 alumnos)	Superficie (20 alumnos)	Grao de utilización
Taller instalación de cultivo	300 m ²	260 m ²	45%
Laboratorio de análises	90 m ²	60 m ²	25%
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	30%

* A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ó número de postos escolares establecido no artigo 35 do Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ó número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

* O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

* Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas ós espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.3. Validacións e correspondencias.

4.3.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

-Administración, xestión e comercialización na pequena empresa.

-Instalacións e equipos de cultivo.

-Técnicas do cultivo de moluscos.

-Técnicas do cultivo de crustáceos.

-Técnicas do cultivo de peixes.

4.3.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

-Instalacións e equipos de cultivo.

-Técnicas do cultivo de moluscos.

-Técnicas do cultivo de crustáceos.

-Técnicas do cultivo de peixes.

-Formación en centros de traballo.

-Formación e orientación laboral.

4.4. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse da seguinte forma:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
110	Instalacións e equipos de cultivo
185	Técnicas do cultivo de moluscos
80	Técnicas do cultivo de crustáceos
160	Técnicas do cultivo de peixes
80	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
80	Técnicas de cultivos auxiliares
80	Parámetros e condicións dos cultivos
55	Relacións no contorno de traballo
55	Formación e orientación laboral
	4º trimestre
740	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 75, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

ANEXO II

Técnico en operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque

4. Ordenación académica e impartición.

4.1. Profesorado.

4.1.1. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque:

Nº	Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
1	Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servizos	Máquinas, servizos e produción	Profesor técnico de FP
2	Instalacións e máquinas eléctricas	Navegación e instalacións mariñas Sistemas electrotécnicos e automáticos	Profesor de ensino secundario Profesor de ensino secundario
3	Automatización: regulación e control	Navegación e instalacións mariñas Sistemas electrotécnicos e automáticos	Profesor de ensino secundario Profesor de ensino secundario
4	Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción	Máquinas, servizos e produción Instalación e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	Profesor técnico de FP Profesor técnico de FP
5	Operacións auxiliares de mantemento industrial	Máquinas, servizos e produción	Profesor técnico de FP
6	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	Navegación e instalacións mariñas	Profesor de ensino secundario
7	Língua estranxeira	Inglés	Profesor de ensino secundario
8	Relacións no contorno de traballo	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
9	Formación e orientación laboral	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario

4.1.2. Materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas neste decreto.

Materias	Especialidade do profesorado	Corpo
Tecnoloxía industrial I e II	Sistemas electrónicos e automáticos	Profesor de ensino secundario
Electrotecnia	Sistemas electrotécnicos e automáticos	Profesor de ensino secundario
Economía	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario
Economía e organización de empresas	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario

(1) Título de licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en ciencias empresariais, licenciado en ciencias actuariais e financeiras, licenciado en economía, licenciado en investigación e técnicas de mercado, diplomado en ciencias empresariais e diplomado en xestión e administración pública.

4.1.3. Titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.

As titulacións declaradas equivalentes, para efectos de docencia, para o ingreso nas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario deste título son as que figuran na táboa. Tamén son equivalentes para efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro.

Especialidade do profesorado	Titulación declarada equivalente a efectos de docencia
Navegación e instalacións mariñas	-Diplomado en máquinas navais -Diplomado en navegación marítima -Diplomado en radioelectrónica naval -Enxeñeiro técnico naval (tódalas súas especialidades)
Sistemas electrotécnicos e automáticos	-Diplomado en radioelectrónica naval -Enxeñeiro técnico aeronáutico (especialidade de aeronavegación). -Enxeñeiro técnico en informática de sistemas -Enxeñeiro técnico industrial (especialidade en electricidade e especialidade en electrónica industrial) -Enxeñeiro técnico de telecomunicación (tódalas súas especialidades)
Formación e orientación laboral	-Diplomado en ciencias empresariais -Diplomado en relacións laborais -Diplomado en traballo social -Diplomado en educación social -Diplomado en xestión e administración pública

4.2. Requisitos mínimos de espazos e instalacións para impartir estas ensinanzas.

De conformidade co establecido no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, o ciclo formativo de formación profesional de grao medio de operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque require para a impartición das ensinanzas relacionadas neste decreto, os seguintes espazos mínimos:

Espacio formativo	Superficie (30 alumnos)	Superficie (20 alumnos)	Grao de utilización
Taller de máquinas	240 m ²	180 m ²	30%
Taller de electricidade/electrónica	120 m ²	90 m ²	25%
Taller de seguridade e supervivencia	120 m ²	90 m ²	15%
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	30%

* A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ó número de postos escolares establecido no artigo 35 do Real decreto 1004/1991, do

14 de xuño. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ó número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

* O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

* Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas ós espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.3. Validacións e correspondencias.

4.3.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

-Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servicios.

-Instalacións e máquinas eléctricas.

-Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción.

-Operacións auxiliares de mantemento industrial.

-Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar.

4.3.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

-Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servicios.

-Instalacións e máquinas eléctricas.

-Automatización: regulación e control.

-Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción.

-Operacións auxiliares de mantemento industrial.

-Formación en centros de traballo.

-Formación e orientación laboral.

4.4. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse da seguinte forma:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
160	Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servicios
160	Instalacións e máquinas eléctricas

Horas totais	Denominación dos módulos
130	Automatización: regulación e control
290	Operacións auxiliares de mantemento industrial
110	Lingua estranxeira (inglés)
55	Relacións no contorno de traballo
	4º, 5º e 6º trimestre
165	Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción
110	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar
55	Formación e orientación laboral
710	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 55, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

ANEXO III

Técnico en pesca e transporte marítimo

4. Ordenación académica e impartición.

4.1. Profesorado.

4.1.1. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de pesca e transporte marítimo.

Nº	Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
1	Administración do buque	Navegación e instalacións mariñas	Profesor de ensino secundario
2	Estabilidade e manobra do buque	Máquinas, servicos e produción	Profesor técnico de FP
3	Navegación e comunicacións do buque	Máquinas, servicos e produción	Profesor técnico de FP
4	Pesca: extracción e conservación	Máquinas, servicos e produción Profesor especialista (1)	Profesor técnico de FP Profesor especialista (1)
5	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	Navegación e instalacións mariñas	Profesor de ensino secundario
6	Automatización, regulación e control	Navegación e instalacións mariñas Sistemas electrónicos e automáticos	Profesor de ensino secundario Profesor de ensino secundario
7	Lingua estranxeira	Inglés	Profesor de ensino secundario
8	Relacións no contorno de traballo	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
9	Formación e orientación laboral	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario

(1) Profesor especialista dos previstos no artigo 33.2º da LOXSE.

4.1.2. Materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas neste decreto.

Materias	Especialidade do profesorado	Corpo
Tecnoloxía industrial I e II	Sistemas electrotécnicos e automáticos	Profesor de ensino secundario
Electrotecnia	Sistemas electrotécnicos e automáticos	Profesor de ensino secundario
Economía	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario
Economía e organización de empresas	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario

(1) Título de licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en ciencias empresariais, licenciado en ciencias actuariais e financeiras, licenciado en economía, licenciado en investigación e técnicas de mercado, diplomado en ciencias empresariais e diplomado en xestión e administración pública.

4.1.3. Titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.

As titulacións declaradas equivalentes, para efectos de docencia, para o ingreso nas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario deste título son as que figuran na táboa. Tamén son equivalentes para efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro.

Especialidade do profesorado	Titulación declarada equivalente para efectos de docencia
Navegación e instalacións mariñas	-Diplomado en máquinas navais -Diplomado en navegación marítima -Diplomado en radioelectrónica naval -Enxeñeiro técnico naval (tódalas súas especialidades)
Sistemas electrotécnicos e automáticos	-Diplomado en radioelectrónica naval -Enxeñeiro técnico aeronáutico (especialidade de aeronavegación) -Enxeñeiro técnico en informática de sistemas -Enxeñeiro técnico industrial (especialidade en electricidade e especialidade en electrónica industrial) -Enxeñeiro técnico de telecomunicación (tódalas súas especialidades)
Formación e orientación laboral	-Diplomado en ciencias empresariais -Diplomado en relacións laborais -Diplomado en traballo social -Diplomado en educación social -Diplomado en xestión e administración pública

4.2. Requisitos mínimos de espazos e instalacións para impartir estas ensinanzas.

De conformidade co establecido no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, o ciclo formativo de formación profesional de grao medio de pesca e transporte marítimo require, para a impartición das ensinanzas relacionadas neste decreto, os seguintes espazos mínimos:

Espacio formativo	Superficie (30 alumnos)	Superficie (20 alumnos)	Grao de utilización
Taller de artes e aparellos	240 m ²	180 m ²	20%
Laboratorio de pesca	60 m ²	60 m ²	15%
Taller de seguridade e supervivencia	120 m ²	90 m ²	15%
Buque de prácticas	(1)		15%
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	35%

(1) Espacio singular non necesariamente situado no centro docente.

* A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ó número de postos escolares establecido no artigo 35 do Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ó número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

* O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espacio prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

* Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

* En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas ós espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

* Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.3. Validacións e correspondencias.

4.3.1. Módulos profesionais que poden ser obxecto de validación coa formación profesional ocupacional.

- Administración do buque.
- Estabilidade e manobra do buque.
- Navegación e comunicacións do buque.
- Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar.

4.3.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

- Administración do buque.
- Estabilidade e manobra do buque.
- Navegación e comunicacións do buque.
- Pesca: extracción e conservación.
- Automatización: regulación e control.
- Formación en centros de traballo.
- Formación e orientación laboral.

4.4. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo orgánzanse da seguinte forma:

Horas totais	Denominación dos módulos
	1º, 2º e 3º trimestre
110	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar
80	Administración do buque
240	Navegación e comunicacións do buque
240	Pesca: extracción e conservación
130	Automatización: regulación e control
110	Língua estranxeira (inglés)
	4º, 5º e 6º trimestre
220	Estabilidade e manobra do buque
55	Relacións no contorno de traballo
55	Formación e orientación laboral
710	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 50, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

ANEXO IV

Técnico superior en produción acuícola

4. Ordenación académica e impartición.

4.1. Criterios de prioridade na admisión de alumnado para acceder a este ciclo formativo.

Na admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos a este ciclo formativo, cando non exis-

tan prazas suficientes, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de prioridade:

* Ter cursada algunha das seguintes modalidades de bacharelato:

- Ciencias da natureza e da saúde.
- Tecnoloxía.

* O expediente académico do alumno, no que se valorará sucesivamente a nota media e ter cursada a seguinte materia de bacharelato:

- Bioloxía.

4.2. Profesorado.

4.2.1. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de produción acuícola:

Nº	Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
1	Organización do proceso productivo acuícola	Procesos de cultivo acuícola	Profesor de ensino secundario
2	Cultivo de moluscos	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
3	Cultivo de crustáceos	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
4	Cultivos de peixes	Procesos de cultivo acuícola (1)	Profesor de ensino secundario
5	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
6	Producción de cultivos auxiliares	Instalacións e equipos de cría e cultivo	Profesor técnico de FP
7	Relacións no contorno de traballo	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario
8	Formación e orientación laboral	Formación e orientación laboral	Profesor de ensino secundario

(1) Os profesores de ensino secundario da especialidade de bioloxía e xeoloxía, en posesión do título de licenciado en bioloxía ou en ciencias do mar, teñen competencia docente para impartir este módulo profesional sen prexuízo da prioridade e obriga que para impartir este módulo teñen os profesores das especialidades citadas na táboa.

4.2.2. Materias de bacharelato que poden ser impartidas polo profesorado das especialidades relacionadas neste decreto.

Materias	Especialidade do profesorado	Corpo
Bioloxía e xeoloxía	Procesos de cultivo acuícola	Profesor de ensino secundario
Bioloxía	Procesos de cultivo acuícola	Profesor de ensino secundario
Economía	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario
Economía e organización de empresas	Formación e orientación laboral (1)	Profesor de ensino secundario

(1) Título de licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en ciencias empresariais, licenciado en ciencias actuariais e financeiras, licenciado en economía, licenciado en investigación e técnicas de mercado, diplomado en ciencias empresariais e diplomado en xestión e administración pública.

4.2.3. Titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.

As titulacións declaradas equivalentes, para efectos de docencia, para o ingreso nas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario deste título son as que figuran na táboa. Tamén son equivalentes para efectos de docencia as titulacións homólogas ás

especificadas segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro.

Especialidade do profesorado	Titulación declarada equivalente para efectos de docencia
Formación e orientación laboral	-Diplomado en ciencias empresariais -Diplomado en relacións laborais -Diplomado en traballo social -Diplomado en educación social -Diplomado en xestión e administración pública

4.3. Requisitos mínimos de espazos e instalacións para impartir estas ensinanzas.

De conformidade co establecido no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, o ciclo formativo de formación profesional de grao superior de produción acuícola require, para a impartición das ensinanzas relacionadas neste decreto, os seguintes espazos mínimos:

Espacio formativo	Superficie (30 alumnos)	Superficie (20 alumnos)	Grao de utilización
Taller/instalación de cultivo	300 m ²	260 m ²	50%
Laboratorio de análises	90 m ²	60 m ²	15%
Aula polivalente	60 m ²	40 m ²	35%

